

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

RESOLUCIÓN do 21 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B).

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADECofinanciado pola
Unión Europea

Fondos Europeos

Con data do 6 de febreiro de 2025 publícase no *Diario Oficial de Galicia* número 25 a Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B). Ao abeiro da dita convocatoria establécense os seguintes programas:

- Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A).
- Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A).
- Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B).

Para o financiamento desta convocatoria destínase un crédito por un importe total de doce millóns douscentos dous mil oitocentos noventa e un euros (12.202.891 €) distribuídos nos tres programas e, nun deles, en dúas anualidades, que se imputan ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Programa-procedemento	Aplicación	Cód. proxecto	Importe 2025 (€)	Importe 2026 (€)	Total (€)
Artigo 1.a)-SI436A	08.07.312G.460.1	2021 00175	6.500.000		6.500.000
Artigo 1.b)-SI435A	08.07.313B.460.0	2023 00095	650.000		650.000
Artigo 1.c)-SI427B	08.07.313B.460.0	2015 00144	3.252.891	1.800.000	5.052.891
Total			10.402.891	1.800.000	12.202.891

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

Durante a fase de instrución das solicitudes recibidas na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, e unha vez feitas as emendas e comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos, estas foron remitidas á Comisión de Valoración, órgano creado no artigo 15.2.

O órgano instructor, tras a baremación e en vista do informe realizado pola Comisión de Valoración, formulou a proposta de resolución que, como establece o artigo 15.4, elevou ao órgano competente, á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, que, en virtude da competencia delegada na disposición adicional única para resolver os procedementos de concesión, emite a correspondente resolución con data do 20 de maio de 2025.

Segundo o artigo 17.3, por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 20 de maio de 2025, ditada ao abeiro da Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B), e que se xunta a esta resolución no anexo.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 20 de maio de 2025 pon fin á vía administrativa e que contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Non se pode interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

María Quintiana Pérez
Directora xeral de Promoción da Igualdade

ANEXO

Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, convocadas pola Orde do 3 de xaneiro de 2025, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B)

Antecedentes:

Primeiro. Con data do 6 de febreiro de 2025 publícase no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B).

Segundo. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar no ano 2025 as subvencións ás entidades locais de Galicia, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalguna situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

CVE-DOG: nl62g7d0-7h51-t282-cdu8-brc5zri7p8s7



Coa dita finalidade establécense os seguintes programas:

- a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A).
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero, en diante, Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A).
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller, en diante, Programa de apoio aos CIM (SI427B).

Terceiro. de acordo co establecido no artigo 1.3 das bases reguladoras, o procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto. De acordo co establecido no artigo 15.4 das bases reguladoras, avaliadas as solicitudes seguindo os criterios e as pautas establecidos no artigo 16, a Comisión de Valoración emitirá un informe segundo o cal, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada, e propondrá a concesión de subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito dispoñible.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible segundo o establecido no artigo 2, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedará en reserva para seren atendidas no caso de producirse algunha renuncia ou algún incremento do crédito inicialmente dispoñible, de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para estes efectos, o órgano instrutor poderá formular sucesivas propostas de resolución complementarias seguindo a orde de puntuación obtida.

Quinto. De acordo co establecido no artigo 17.1 das bases reguladoras, as resolucións que procedan ao abeiro desta orde serán ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, que actuará por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, logo da proposta do órgano instrutor, e, no caso de que o seu contido sexa a concesión da subvención, tras a súa fiscalización pola Intervención Delegada.

CVE-DOG: nl62g7d0-7h51-t282-cdu8-brc5zri7p8s7



Sexto. Segundo o artigo 17.3 das bases reguladoras, por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a resolución destas subvencións será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Nesta publicación especificaranse a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas, con expresión sucinta dos motivos da desestimación.

Por todo o anterior, logo do informe de baremación e a proposta emitida polo órgano instrutor, unha vez fiscalizado o gasto de conformidade coa Intervención Delegada, a directora xeral de Promoción da Igualdade, en virtude da competencia delegada na disposición adicional única para resolver os procedementos de concesión,

RESOLVE:

Primeiro. Conceder as subvencións para o financiamento dos programas das entidades locais que se relacionan no anexo I, como consecuencia da aplicación dos criterios e das pautas de valoración establecidas no artigo 16 das bases reguladoras, pola contía e para o desenvolvemento da actuación que figuran no anexo, por un importe total de 11.967.961,21 €, distribuídos nas aplicacións orzamentarias que se indican a continuación:

Programa-procedemento	Aplicación	Cód. proxecto	Importe 2025 (€)	Importe 2026 (€)	Total (€)
Artigo 1.a)-SI436A	08.07.312G.460.1	2021 00175	6.466.334,82		6.466.334,82
Artigo 1.b)-SI435A	08.07.313B.460.0	2023 00095	646.099,02		646.099,02
Artigo 1.c)-SI427B	08.07.313B.460.0	2015 00144	3.239.197,38	1.616.329,99	4.855.527,37
Total			10.351.631,22	1.616.329,99	11.967.961,21

Segundo. No anexo II relaciónanse as solicitudes que quedan na lista de espera por se ter esgotado o crédito dispoñible para seren atendidas no caso de producirse algunha renuncia ou algún incremento do crédito inicialmente dispoñible, de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para estes efectos, o órgano instrutor poderá formular sucesivas propostas de resolución complementarias seguindo a orde de puntuación obtida.

Terceiro. Excluir e declarar desistidas as solicitudes que se relacionan no anexo III, con indicación da causa específica, por desistencia expresa, por non cumpriren o requisito de emenda e/ou a achega dos documentos preceptivos no prazo establecido, segundo o disposto no artigo 14.1 das bases reguladoras, ou ben por non cumpriren algún dos requisitos establecidos nas referidas bases.



Cuarto. Informar as entidades locais beneficiarias que figuran no anexo I desta resolución do seguinte:

a) As axudas do Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A) están financiadas con fondos finalistas do Estado do Plan Corresponsables, as axudas do Programa de apoio aos CIM (SI427B) están financiadas con fondos propios libres da Comunidade Autónoma de Galicia e as axudas do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A) están cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 no obxectivo político 4: unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais, prioridade 2: inclusión social e loita contra a pobreza, obxectivo específico ES04.8: fomentar a inclusión activa co obxecto de promover a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a participación activa, e mellorar a empregabilidade, en particular para os grupos desfavorecidos, e medida 2.H.03: Programa de atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

b) De acordo co establecido no artigo 3 das bases reguladoras:

– No Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A) as subvencións para as actuacións e actividades recollidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda pública para a mesma actuación ou actividade.

Así mesmo, se a actividade ou a actuación subvencionada xera ingresos como consecuencia de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes, o seu importe será deducido do gasto subvencionable despois de aplicar o tipo fixo no momento da concesión da axuda, en atención aos declarados, obtidos ou previstos na solicitude de axuda. Para o caso de que os ingresos obtidos non se fixesen constar na solicitude ou fosen superiores aos declarados nela, a dedución farase ou reaxustarase no momento do pagamento final.

– No programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A) e no Programa de apoio aos CIM (SI427B) é posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo das accións subvencionadas.

Así mesmo, no caso do programa do Plan Corresponsables (SI436A), cando as entidades teñan establecido o pagamento dunha taxa pola prestación do servizo, os ingresos

CVE-DOG: n162g7d0-7h51-t282-cdu8-brc5zri7p8s7



obtidos deberán destinarse ou reverter nas propias actuacións desenvolvidas no marco do Plan Corresponsables, circunstancia que deberá acreditarse na fase de xustificación da subvención mediante certificación asinada pola persoa secretaria da entidade local. No caso de que non as revertan ou non se xustifique segundo o establecido, descontaranse os ingresos obtidos polas taxas do importe da subvención concedida no momento do pagamento final. En todo caso, deberase favorecer a gratuidade e a universalidade das actuacións e, no caso de que se establezan taxas, deberán terse en conta criterios de renda e de cargas familiares nos prezos de acceso ao servizo para as persoas usuarias.

c) As beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e coas obrigas exixidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como coas condicións e obrigas establecidas no artigo 22 (obrigas das entidades beneficiarias) das bases reguladoras e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación.

d) No artigo 24 das bases reguladoras establécense os criterios de gradación dos posibles incumprimentos que determinan, de ser o caso, a perda do dereito ao cobramento da subvención, a minoración da cantidade concedida ou, de ser o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida.

e) Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez (10) días a súa aceptación e comprometerse a executar o programa, medida ou actuación subvencionada no prazo e nas condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicalo no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

f) De acordo co establecido no artigo 21.2 das bases reguladoras, realizarase un primeiro pagamento do 80 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución. No programa de apoio aos CIM a contía do anticipo non poderá ser superior ao importe da subvención imputada ao exercicio 2025; se for o caso, o importe do anticipo reducirase ata o dito límite. As entidades beneficiarias están exoneradas da obriga de constitución de garantía.

O 20 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación por parte das entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e das demais condicións exixidas nesta orde.

CVE-DOG: nl62g7d0-7h51-t282-cdu8-brc5zri7p8s7



g) Os períodos de referencia para o desenvolvemento dos distintos programas e para a imputación dos gastos subvencionables son os seguintes:

– Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A): serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, ambos os dous incluídos.

– Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A): serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, ambos os dous incluídos.

– Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B): serán subvencionables os custos de persoal xerados entre o 1 de abril de 2025 e o 31 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos. As entidades beneficiarias deberán identificar e xustificar de maneira independente os gastos directos de persoal que se imputarán en cada exercicio. Os gastos de persoal correspondentes ao período comprendido entre o 1 de abril de 2025 e o 30 de novembro de 2025 imputaranse ao exercicio 2025, e os gastos correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2025 e o 31 de marzo de 2026, ao exercicio 2026.

h) As datas límite para a presentación da documentación xustificativa necesaria para proceder ao pagamento da subvención son as seguintes:

– Programa Plan Corresponsables e Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero: o prazo para a presentación da xustificación da medida subvencionada ao abeiro destes programas finaliza o 10 de outubro de 2025 (procedementos SI436A e SI435A).

– Programa de apoio aos CIM: o prazo para a presentación da documentación xustificativa da actuación subvencionada finaliza o 11 de abril de 2026 (procedemento SI427B).

i) As actuacións correspondentes ao Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A) xustificaranse a través das modalidades de custos simplificados consonte o disposto nos artigos 53.1.d) e 56.1 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, segundo os custos directos de persoal subvencionables, aos cales se engade un tipo fixo do 10 % para financiar o resto de custos subvencionables da actuación.



A xustificación para o programa Plan Corresponsables (SI436A) realizarase a custo real mediante a presentación das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente acreditativos dos gastos de persoal correspondentes ás actuacións subvencionadas.

A xustificación para o Programa de apoio aos CIM (SI427B) realizarase consonte o disposto nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

j) No caso particular do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero (SI435A), informar as entidades locais beneficiarias de que a aceptación da subvención podería implicar a súa aparición na lista de operacións que se publique nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño.

Quinto. Notificarlles ás persoas interesadas esta resolución, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025. A conselleira de Política Social e Igualdade. P.D. (Disp. adic. única Orde 3.1.2025; DOG núm. 25, do 6 de febreiro). María Quintiana Pérez, directora xeral de Promoción da Igualdade.

CVE-DOG: nl62g7d0-7h51-t282-cdu8-brc5zri7p8s7





ANEXO I
Concesións

1. Procedemento SI436A-Programa do Plan Corresponsables no ámbito local.

Núm. expediente	Entidade (orde alfabética)	NIF	Nome da medida	Gasto elixible (€)	Puntuación	Concesión (€)
SI436A-2025-00000156-00	Concello da Arnoia	P3200400D	Concilia verán Arnoia-Castrelo	16.494,50	68	15.669,78
SI436A-2025-00000091-00	Concello da Baña	P1500700H	Corresponsables-A Baña	44.008,50	54	39.607,65
SI436A-2025-00000009-00	Concello da Bola	P3201500J	Programa de fomento da conciliación e a corresponsabilidade	11.144,86	47	10.030,37
SI436A-2025-00000225-00	Concello da Cañiza	P3600900I	Concilia Cañiza	13.280,00	44	11.952,00
SI436A-2025-00000082-00	Concello da Capela	P1501800E	Plan Corresponsables	11.644,00	33	9.315,20
SI436A-2025-00000068-00	Concello da Estrada	P3601700B	Programa espazo concilia	43.800,00	39	35.040,00
SI436A-2025-00000130-00	Concello da Guarda	P3602300J	Campamentos Conciliaguarda en Semana Santa, verán e Nadal	14.618,00	37	11.694,40
SI436A-2025-00000177-00	Concello da Illa de Arousa	P8600004I	Plan corresponsables no ámbito local 2025	6.616,60	35	5.293,28
SI436A-2025-00000044-00	Concello da Lama	P3602500E	Plan concilia verán 2025 e Plan Madruga 2025	12.696,13	41	11.621,87
SI436A-2025-00000059-00	Concello da Laracha	P1504200E	Programa Harmoniza: conciliando na Laracha	76.923,17	35	55.000,00
SI436A-2025-00000223-00	Concello da Merca	P3204800A	Conciliación con nenos e nenas	25.468,68	40	20.374,94
SI436A-2025-00000159-00	Concello da Pastoriza	P2704400G	A Pastoriza concilia: Plan Corresponsables 2024/2025	54.765,65	47	49.289,09
SI436A-2025-00000216-00	Concello da Peroxa	P3206000F	Espazo de conciliación familiar da Peroxa	19.200,00	44	17.280,00
SI436A-2025-00000235-00	Concello da Pobra de Trives	P3206400H	A Pobra de Trives corresponsable	21.754,40	44	19.578,96
SI436A-2025-00000043-00	Concello da Pobra do Brollón	P2704700J	A guimaralia máis corresponsable	51.781,00	41	46.602,90
SI436A-2025-00000054-00	Concello da Pobra do Caramiñal	P1506800J	A Pobra corresponsable	142.983,76	36	55.000,00
SI436A-2025-00000048-00	Concello da Veiga	P3208400F	Plan Corresponsables A Veiga 2025	34.519,23	51	31.067,31
SI436A-2025-00000117-00	Concello das Neves	P3603400G	As Neves concilia	44.510,44	44	40.059,40
SI436A-2025-00000135-00	Concello das Pontes de García Rodríguez	P1507100D	Campamentos urbanos de conciliación	39.066,92	37	31.253,54
SI436A-2025-00000072-00	Concello das Somozas	P1508200A	Concilia verán 2025 (campamento multi-aventura)	13.000,00	34	10.400,00
SI436A-2025-00000190-00	Concello de Abegondo	P1500100A	Plan Corresponsables: abeteca municipal	86.334,50	40	55.000,00
SI436A-2025-00000031-00	Concello de Agolada	P3602000F	Plan Corresponsables Concello de Agolada	19.234,00	32	15.387,20





Núm. expediente	Entidade (orde alfabética)	NIF	Nome da medida	Gasto elixible (€)	Puntuación	Concesión (€)
SI436A-2025-00000063-00	Concello de Allariz	P3200200H	Concilia e corresponsabiliza	40.600,00	47	36.540,00
SI436A-2025-00000221-00	Concello de Amoeiro	P3200300F	Concilia Amoeiro	19.433,15	36	15.546,52
SI436A-2025-00000169-00	Concello de Antas de Ulla	P2700300C	Corresponsables Antas de Ulla	77.191,97	44	55.000,00
SI436A-2025-00000202-00	Concello de Aranga	P1500300G	Plan Corresponsables-bolsas de coidados en dependencias municipais-Conciliando de xeito corresponsable	23.072,19	43	19.842,17
SI436A-2025-00000074-00	Concello de Arbo	P3600100F	Espazo de conciliación familiar	14.139,88	44	12.725,89
SI436A-2025-00000213-00	Concello de Arzúa	P1500600J	Xogarzúa 2025	52.817,40	45	47.535,66
SI436A-2025-00000232-00	Concello de Avión	P3200500A	Corresponsables Avión	24.042,17	48	21.637,95
SI436A-2025-00000184-00	Concello de Baiona	P3600300B	Sábado concilia	1.936,32	34	1.549,06
SI436A-2025-00000093-00	Concello de Bande	P3200700G	Plan Corresponsables Bande	32.421,05	50	29.178,95
SI436A-2025-00000183-00	Concello de Baños de Molgas	P3200800E	Plan concilia 2024-25 e Plan verán 2025	20.306,00	34	16.244,80
SI436A-2025-00000214-00	Concello de Baralla	P2703600C	Campamento de verán para conciliar a vida laboral e familiar	14.460,00	49	13.014,00
SI436A-2025-00000198-00	Concello de Barbadás	P3200900C	Barbadás Concilia	47.844,84	37	42.083,43
SI436A-2025-00000100-00	Concello de Barreiros	P2700500H	+ Concilia Barreiros 2025	18.673,20	41	16.805,88
SI436A-2025-00000114-00	Concello de Beade	P3201100I	Campamento de verán de Beade 2025	6.401,00	32	5.120,80
SI436A-2025-00000022-00	Concello de Becerreá	P2700600F	Actividades para nenas e nenos de 3 a 12 anos en períodos non lectivos	6.000,00	34	4.800,00
SI436A-2025-00000208-00	Concello de Begonte	P2700700D	Plan Corresponsables	14.990,04	33	11.992,03
SI436A-2025-00000101-00	Concello de Bergondo	P1500800F	Programa do Plan Corresponsables no ámbito local	75.271,99	46	55.000,00
SI436A-2025-00000105-00	Concello de Betanzos	P1500900D	Betanzos concilia	31.273,91	52	28.146,52
SI436A-2025-00000006-00	Concello de Boborás	P3201400C	Bolsa de coidado, concilia e lecer	42.684,07	49	38.415,66
SI436A-2025-00000055-00	Concello de Boimorto	P1501000B	Programa Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Modalidade art. 6.2.1.b): Boimorto concilia	22.846,95	42	20.562,26
SI436A-2025-00000053-00	Concello de Boqueixón	P1501200H	Programa Plan Corresponsables no ámbito local, artigo 6.2.1.b) c)	91.890,41	50	55.000,00
SI436A-2025-00000095-00	Concello de Bóveda	P2700800B	Programa Bóveda concilia	22.202,10	45	20.915,03
SI436A-2025-00000066-00	Concello de Brión	P1501300F	Plan corresponsable no ámbito local	79.848,51	37	55.000,00
SI436A-2025-00000033-00	Concello de Cabana de Bergantiños	P1501400D	Programa Meniñeiro	24.393,03	46	21.953,73
SI436A-2025-00000167-00	Concello de Cabanas	P1501500A	Plan Corresponsables	38.387,48	55	34.548,73



CVE-DOG: nl62g7d0-7h51-t282-cdu8-brc5zri7p8s7



XUNTA
DE GALICIA

ISSN 1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

Núm. expediente	Entidade (orde alfabética)	NIF	Nome da medida	Gasto elixible (€)	Puntuación	Concesión (€)
SI436A-2025-00000227-00	Concello de Caldas de Reis	P3600500G	Caldas concilia	53.000,00	42	31.500,00
SI436A-2025-00000146-00	Concello de Cambados	P3600600E	Enredadas	20.089,32	36	16.071,46
SI436A-2025-00000032-00	Concello de Carballada de Avia	P3201900B	Programa Concilia corresponsable Carballada de Avia	53.038,01	45	48.623,74
SI436A-2025-00000134-00	Concello de Carballado	P2700900J	Campamento de verán	9.900,00	39	7.920,00
SI436A-2025-00000181-00	Concello de Cariño	P1509500C	Concilia Cariño	45.000,00	39	36.000,00
SI436A-2025-00000011-00	Concello de Carnota	P1502000A	Servizo de conciliación do Concello de Carnota	41.615,58	44	37.454,02
SI436A-2025-00000220-00	Concello de Carral	P1502100I	Medidas de conciliación	64.700,63	37	51.760,50
SI436A-2025-00000014-00	Concello de Castrelo do Val	P3202200F	Xogamos, rimos, igualamos	23.373,96	47	21.036,56
SI436A-2025-00000076-00	Concello de Castro de Rei	P2701000H	Campamento 2025	23.897,57	38	19.118,06
SI436A-2025-00000047-00	Concello de Castroverde	P2701100F	Espazo de lecer en Castroverde	39.047,13	41	35.142,42
SI436A-2025-00000127-00	Concello de Catoira	P3601000G	Programa Concilia verán 2025	7.013,35	43	6.868,42
SI436A-2025-00000115-00	Concello de Cee	P1502300E	Programa de fomento da conciliación	42.237,54	39	33.790,03
SI436A-2025-00000107-00	Concello de Celanova	P3202500I	Conciliación e igualdade en Celanova	27.500,00	36	22.000,00
SI436A-2025-00000140-00	Concello de Cenlle	P3202600G	Cenlle concilia	12.000,00	41	10.904,65
SI436A-2025-00000150-00	Concello de Cerceda	P1502400C	Cerceda concilia	43.663,81	44	39.297,43
SI436A-2025-00000147-00	Concello de Cerdedo-Cotobade	P3600048G	Cerdedo-Cotobade concilia	35.731,00	71	33.944,45
SI436A-2025-00000204-00	Concello de Cerdido	P1502500J	Cerdido corresponsable	13.000,00	36	10.400,00
SI436A-2025-00000230-00	Concello de Cervo	P2701300B	Corresponsables en Cervo	67.172,81	50	55.000,00
SI436A-2025-00000070-00	Concello de Chantada	P2701600E	Chantada concilia	74.025,57	44	55.000,00
SI436A-2025-00000090-00	Concello de Coirós	P1502700F	Concilia Coirós 2025	44.091,60	54	40.748,14
SI436A-2025-00000016-00	Concello de Coles	P3202700E	En prol da conciliación	12.200,00	41	10.980,00
SI436A-2025-00000046-00	Concello de Corcubión	P1502800D	Plan corresponsable 2025: Corcubión concilia	25.690,34	44	23.121,31
SI436A-2025-00000196-00	Concello de Coristanco	P1502900B	Xermolar	63.125,12	32	50.500,10
SI436A-2025-00000133-00	Concello de Cortegada	P3202800C	Concilia verán Cortegada	10.690,10	49	9.621,09
SI436A-2025-00000139-00	Concello de Covelo	P3601300A	Covelo coa igualdade	15.458,32	48	13.912,49
SI436A-2025-00000226-00	Concello de Cualedro	P3202900A	Ludoteca corresponsable (bolsa de coidado) e Comparten igualdade (Plan sensibilidade)	16.231,05	49	14.607,95
SI436A-2025-00000136-00	Concello de Cuntis	P3601500F	Programa Cuntilín	114.411,70	48	55.000,00
SI436A-2025-00000151-00	Concello de Curtis	P1503200F	Abrindo camiños á corresponsabilidade 2025	42.795,82	55	38.516,24

DOG Núm. 102

Venres, 30 de maio de 2025

Páx. 30445



DOG

Diario Oficial de Galicia



Núm. expediente	Entidade (orde alfabética)	NIF	Nome da medida	Gasto elixible (€)	Puntuación	Concesión (€)
SI436A-2025-00000174-00	Concello de Dodro	P1503300D	Servizo de conciliación Bo día Dodro (Plan Corresponsables 2025) e concilia Nadal 2024-25	29.216,10	43	26.294,49
SI436A-2025-00000178-00	Concello de Dozón	P3601600D	Corresponsables: concilia-campamento	5.783,33	38	4.626,66
SI436A-2025-00000164-00	Concello de Dumbría	P1503400B	Dumbría concilia	31.191,08	34	24.952,86
SI436A-2025-00000236-00	Concello de Entrimo	P3203100G	Entrimo corresponsables	10.528,74	33	8.422,99
SI436A-2025-00000166-00	Concello de Fisterra	P1503800C	Programa do Plan Corresponsables no ámbito local	14.410,00	44	12.969,00
SI436A-2025-00000161-00	Concello de Folgoso do Courel	P2701700C	Concilia no Courel 2025	4.363,02	38	3.490,42
SI436A-2025-00000199-00	Concello de Fonsagrada	P2701800A	Campamento de verán	6.262,79	33	5.010,23
SI436A-2025-00000023-00	Concello de Forcarei	P3601800J	Concilia Forcarei	16.400,00	40	13.120,00
SI436A-2025-00000172-00	Concello de Frades	P1503900A	Corresponsables Frades	99.847,44	55	55.000,00
SI436A-2025-00000087-00	Concello de Friol	P2702000G	Plan Corresponsables no ámbito local	28.095,20	32	23.243,60
SI436A-2025-00000075-00	Concello de Gondomar	P3602100D	Campamento urbano Gondoverán	29.700,00	36	23.760,00
SI436A-2025-00000158-00	Concello de Guitiriz	P2702200C	Guitiriz concilia	40.195,00	38	32.156,00
SI436A-2025-00000040-00	Concello de Irixoa	P1504000I	Irixoa concilia	18.012,24	35	14.847,58
SI436A-2025-00000191-00	Concello de Láncara	P2702600D	Programa Plan Corresponsables no ámbito local	8.270,86	46	7.443,77
SI436A-2025-00000222-00	Concello de Larouco	P3203900J	Programa conciliación 2025	17.061,00	44	15.354,90
SI436A-2025-00000157-00	Concello de Laxe	P1504100G	Programa conciliación da vida persoal, laboral e familiar	13.400,00	36	10.720,00
SI436A-2025-00000096-00	Concello de Laza	P3204000H	Proxecto Plan Corresponsables	49.356,00	42	44.420,40
SI436A-2025-00000008-00	Concello de Leiro	P3204100F	Plan corresponsable Leiro 2025	20.755,23	44	18.679,71
SI436A-2025-00000051-00	Concello de Lobios	P3204300B	Ti e máis eu xogamos ao mesmo-2025	34.268,25	54	30.841,43
SI436A-2025-00000233-00	Concello de Lourenzá	P2702700B	Actividades para a conciliación familiar, dinamización e animación dentro do marco do Plan Corresponsables	23.008,71	43	20.707,84
SI436A-2025-00000224-00	Concello de Lousame	P1504300C	Lousame Concilia	17.812,14	46	14.318,53
SI436A-2025-00000211-00	Concello de Maceda	P3204400J	Programa Mañanceiros, ludoteca no Nadal, ludoteca Semana Santa, campamento de verán	55.873,35	44	51.193,00
SI436A-2025-00000206-00	Concello de Manzaneda	P3204500G	Plan Corresponsables Manzaneda	9.502,94	55	8.552,65
SI436A-2025-00000138-00	Concello de Maside	P3204600E	Maside concilia	35.329,00	43	31.796,10
SI436A-2025-00000102-00	Concello de Mazaricos	P1504600F	Conciliamos	54.744,00	44	49.269,60
SI436A-2025-00000106-00	Concello de Meaño	P3602700A	Ludoconcilia Meaño, Nadal e verán: somos iguais-corresponsabilidade	22.555,83	36	18.044,66



Núm. expediente	Entidade (orde alfabética)	NIF	Nome da medida	Gasto elixible (€)	Puntuación	Concesión (€)
SI436A-2025-00000123-00	Concello de Meis	P3602800I	Plan Corresponsables: Meis concilia	33.618,54	34	26.894,83
SI436A-2025-00000017-00	Concello de Melón	P3204700C	Conciliación-campamentos	95.000,00	36	55.000,00
SI436A-2025-00000201-00	Concello de Mesía	P1504800B	Programa Respira Mesía 2025	47.673,05	55	42.905,75
SI436A-2025-00000188-00	Concello de Miño	P1504900J	Plan Corresponsables Concello de Miño	65.142,94	39	52.114,35
SI436A-2025-00000002-00	Concello de Moaña	P3602900G	Plan Corresponsables	14.998,77	32	11.999,02
SI436A-2025-00000045-00	Concello de Moeche	P1505000H	Campamento de conciliación familiar e deportivos Sementeira	17.820,00	55	16.038,00
SI436A-2025-00000176-00	Concello de Mondariz	P3603000E	Mondariz concilia	31.149,70	44	28.034,73
SI436A-2025-00000120-00	Concello de Mondariz-Balneario	P3603100C	En comunidade coa igualdade, servizo de conciliación	14.845,00	49	13.360,50
SI436A-2025-00000077-00	Concello de Mondoñedo	P2703000F	Campamentos pequesmondo	39.800,00	48	36.814,19
SI436A-2025-00000037-00	Concello de Monforte de Lemos	P2703100D	Concilia en igualdade 2025	3.731,45	38	2.985,16
SI436A-2025-00000200-00	Concello de Montederramo	P3205000G	Concilia Montederramo	12.749,86	41	11.474,87
SI436A-2025-00000039-00	Concello de Monterrei	P3205100E	As mesmas ilusións sen exclusións: corresponsabilidade (bolsas de coidado) e papis con sentidoño II (Plan sensibilización)	16.654,67	54	14.989,20
SI436A-2025-00000125-00	Concello de Monterroso	P2703200B	Concilia Monterroso	53.234,86	42	47.911,37
SI436A-2025-00000024-00	Concello de Moraña	P3603200A	Campamento de conciliación familiar 2025	26.781,81	33	21.425,45
SI436A-2025-00000231-00	Concello de Mos	P3603300I	Programa de apoio á conciliación familiar Somos conciliación 2025	53.941,03	46	49.853,33
SI436A-2025-00000034-00	Concello de Mugardos	P1505200D	Espazo infantil de xogo	15.614,40	34	10.453,92
SI436A-2025-00000145-00	Concello de Muíños	P3205200C	Ludoteca	14.366,00	45	12.929,40
SI436A-2025-00000179-00	Concello de Muros	P1505400J	Muros corresponsable	50.891,80	45	45.802,62
SI436A-2025-00000218-00	Concello de Neda	P1505600E	Neda Concilia: con C de corresponsabilidade	16.390,00	34	13.112,00
SI436A-2025-00000104-00	Concello de Nigrán	P3603500D	Programa de campamentos urbanos	52.948,52	42	47.653,67
SI436A-2025-00000142-00	Concello de Oia	P3603600B	Aula de acollida curso 2024/25 Concello de Oia	8.580,00	32	5.875,02
SI436A-2025-00000084-00	Concello de Oímbra	P3205400I	Servizos de coidados en dependencias públicas	45.556,86	59	43.279,02
SI436A-2025-00000160-00	Concello de Oroso	P1506100E	Oroso concili@ e educ@	122.391,23	35	55.000,00
SI436A-2025-00000148-00	Concello de Ortigueira	P1506200C	Programa municipal de conciliación Concilia Ortigueira	30.000,00	37	24.000,00
SI436A-2025-00000112-00	Concello de Ourense	P2703800I	Plan Corresponsables Ourense	7.400,00	42	6.660,00



Núm. expediente	Entidade (orde alfabética)	NIF	Nome da medida	Gasto elixible (€)	Puntuación	Concesión (€)
SI436A-2025-00000109-00	Concello de Outeiro de Rei	P2703900G	Programa municipal de conciliación familiar e apoio á educación	74.011,68	46	55.000,00
SI436A-2025-00000228-00	Concello de Outes	P1506300A	Programa Outes concilia	37.686,65	36	30.149,32
SI436A-2025-00000168-00	Concello de Oza-Cesuras	P1500029B	Conciliando en igualdade	70.040,44	78	47.000,00
SI436A-2025-00000097-00	Concello de Paderne	P1506500F	Paderne Concilia	53.494,39	37	42.795,51
SI436A-2025-00000205-00	Concello de Padrón	P1506600D	SI436A-Programa Plan Corresponsables no ámbito local	28.608,00	35	22.886,40
SI436A-2025-00000028-00	Concello de Palas de Rei	P2704000E	Medidas de conciliación municipais	65.000,00	39	52.000,00
SI436A-2025-00000036-00	Concello de Pantón	P2704100C	Plan concilia: campamento de verán e Plan Madruga	16.307,38	32	13.045,90
SI436A-2025-00000153-00	Concello de Parada de Sil	P3205800J	Plan corresponsable Parada de Sil 2024-2025	32.572,89	48	29.315,60
SI436A-2025-00000092-00	Concello de Paradela	P2704200A	Programa corresponsables en Paradela: axuda á conciliación de familias con menores a cargo	11.118,46	41	10.006,61
SI436A-2025-00000128-00	Concello de Pazos de Borbén	P3603700J	Campamento de verán do Concello de Pazos de Borbén-2025	15.248,52	33	13.517,42
SI436A-2025-00000121-00	Concello de Pedrafita	P2704500D	Programa Corresponsables	3.802,12	37	3.041,70
SI436A-2025-00000020-00	Concello de Petín	P3206100D	Diverpetín	9.837,62	49	8.864,33
SI436A-2025-00000071-00	Concello de Piñor	P3206200B	Piñor concilia 2025	21.502,80	43	19.352,52
SI436A-2025-00000126-00	Concello de Poio	P3604100B	Espazo Concilia	73.698,90	35	55.000,00
SI436A-2025-00000007-00	Concello de Pol	P2704600B	Programa Plan Corresponsables do Concello de Pol	11.568,00	33	9.254,40
SI436A-2025-00000192-00	Concello de Pontearreas	P3604200J	Pontearreas concilia. Programa do Plan corresponsable	70.840,00	37	55.000,00
SI436A-2025-00000025-00	Concello de Ponteceso	P1506900H	Programa Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A)	39.053,50	46	35.148,15
SI436A-2025-00000118-00	Concello de Pontecesures	P3604400F	Actividades do programa Corresponsables no Concello de Pontecesures 2025	46.823,04	55	42.140,74
SI436A-2025-00000152-00	Concello de Porqueira	P3206300J	Talleres varios	55.000,00	48	49.500,00
SI436A-2025-00000132-00	Concello de Portas	P3604000D	Camiónando xunt@s 2025	18.030,63	32	14.424,50
SI436A-2025-00000155-00	Concello de Porto do Son	P1507200B	Corresponsables 2025	58.545,00	38	46.836,00
SI436A-2025-00000212-00	Concello de Portomarín	P2704900F	Plan Corresponsables: Portomarín concilia e Portomarín lúdico: lúdico verán 2024-2025	67.814,70	45	55.000,00
SI436A-2025-00000012-00	Concello de Quiroga	P2705000D	Concilia-Quiroga	37.721,29	32	30.647,96
SI436A-2025-00000185-00	Concello de Rábade	P2705600A	Corresponsabilidade no Concello de Rábade	20.522,81	53	18.862,97
SI436A-2025-00000001-00	Concello de Rairiz de Veiga	P3206800I	Campamento de verán para a conciliación familiar	2.478,57	43	2.230,71



Núm. expediente	Entidade (orde alfabética)	NIF	Nome da medida	Gasto elixible (€)	Puntuación	Concesión (€)
SI436A-2025-00000099-00	Concello de Ramirás	P3206900G	Programa corresponsable concilia infancia Ramirás 2025	11.385,00	42	10.246,50
SI436A-2025-00000217-00	Concello de Rianxo	P1507300J	Programa de conciliación co Concello de Rianxo	58.036,43	35	29.661,14
SI436A-2025-00000073-00	Concello de Ribadavia	P3207000E	Conciliación en Ribadavia	83.312,82	54	55.000,00
SI436A-2025-00000050-00	Concello de Ribadeo	P2705100B	Concilia Aventuras	46.083,99	35	36.867,19
SI436A-2025-00000171-00	Concello de Ribadumia	P3604600A	Servizos de coidados profesionais para menores de 0-3 anos prestados en dependencias municipais	81.124,68	46	55.000,00
SI436A-2025-00000042-00	Concello de Ribas de Sil	P2705200J	Plan corresponsable no ámbito local do Concello de Ribas de Sil	10.140,00	47	10.056,23
SI436A-2025-00000111-00	Concello de Ribeira	P1507400H	Ribeira concilia. Programa de actividades municipais para a conciliación familiar 2025	54.682,72	33	43.746,18
SI436A-2025-00000018-00	Concello de Riotorto	P2705400F	Riotorto concilia	14.093,50	31	11.274,80
SI436A-2025-00000089-00	Concello de Rodeiro	P3604700I	Concilia Rodeiro 2025	35.000,00	46	31.500,00
SI436A-2025-00000122-00	Concello de Rois	P1507500E	Concilia Rois	79.503,66	48	55.000,00
SI436A-2025-00000141-00	Concello de Salvaterra de Miño	P3605000C	Plan Corresponsables Salvaterra de Miño-Salceda de Caselas	18.758,10	72	17.820,20
SI436A-2025-00000004-00	Concello de Samos	P2705500C	Concilia madrugada-tarde e accións de formación e sensibilización en corresponsabilidade	11.067,56	42	9.960,80
SI436A-2025-00000154-00	Concello de San Amaro	P3207500D	Plan Corresponsables no ámbito local	54.854,00	70	52.111,30
SI436A-2025-00000189-00	Concello de San Cibrao das Viñas	P3207600B	Actividades de conciliación en San Cibrao das Viñas	78.838,12	34	55.000,00
SI436A-2025-00000203-00	Concello de San Cristovo de Cea	P3207700J	Concilia Concello de San Cristovo de Cea	28.126,08	40	24.000,86
SI436A-2025-00000003-00	Concello de San Sadurniño	P1507700A	Aldea de verán	14.500,00	33	11.600,00
SI436A-2025-00000062-00	Concello de San Xoán de Río	P3207100C	Río-Concilia 2025	50.377,64	55	45.909,65
SI436A-2025-00000064-00	Concello de Sandiás	P3207800H	Campamento de conciliación, verán 2025	16.747,55	50	15.072,80
SI436A-2025-00000209-00	Concello de Santa Comba	P1507800I	Conciliación familiar Santa Comba	55.000,00	31	44.000,00
SI436A-2025-00000163-00	Concello de Santiago de Compostela	P1507900G	Servizos de coidados para desenvolver en dependencias públicas convenientemente habilitadas para o efecto	132.071,73	38	55.000,00
SI436A-2025-00000113-00	Concello de Santiso	P1508000E	Santiso concilia	10.834,19	44	9.750,77
SI436A-2025-00000116-00	Concello de Sanxenxo	P3605100A	Programa concilia Sanxenxo 2025 (ludotecas, obradoiros..)	54.981,29	39	43.985,03
SI436A-2025-00000052-00	Concello de Sarria	P2705700I	Sarria concilia	155.687,60	32	55.000,00





Núm. expediente	Entidade (orde alfabética)	NIF	Nome da medida	Gasto elixible (€)	Puntuación	Concesión (€)
SI436A-2025-00000165-00	Concello de Silleda	P3605200I	Corresponsables: programa lúdico educativo de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo	50.000,01	41	45.000,01
SI436A-2025-00000078-00	Concello de Sober	P2705900E	Sober concilia	77.520,46	60	55.000,00
SI436A-2025-00000019-00	Concello de Sobrado	P1508100C	Plan Corresponsables no ámbito local	9.510,94	47	8.893,86
SI436A-2025-00000049-00	Concello de Soutomaior	P3605300G	Espazo Concilia	45.708,47	40	37.458,06
SI436A-2025-00000187-00	Concello de Taboada	P2706000C	Plan Corresponsables Concello de Taboada	26.079,17	54	24.596,25
SI436A-2025-00000069-00	Concello de Toén	P3208200J	Servizo madrugadores e campamentos de verán	8.741,05	43	7.866,95
SI436A-2025-00000035-00	Concello de Tordoia	P1508500D	Vacacións lúdicas 2025	26.467,04	47	23.820,34
SI436A-2025-00000110-00	Concello de Touro	P1508600B	Programa do Plan Corresponsables no ámbito local 6.2.1.b) e 1.c)	41.300,98	50	37.170,88
SI436A-2025-00000219-00	Concello de Trabada	P2706100A	Trabada concilia	27.000,00	48	24.300,00
SI436A-2025-00000215-00	Concello de Trasmiras	P3208300H	Plan corresponsables 2025	12.683,20	44	11.414,88
SI436A-2025-00000143-00	Concello de Trazo	P1508700J	Corresponsables Trazo 2025	22.513,00	50	15.536,70
SI436A-2025-00000026-00	Concello de Triacastela	P2706200I	Plan de corresponsabilidade no ámbito local. Concello de Triacastela	12.957,48	40	10.365,98
SI436A-2025-00000182-00	Concello de Tui	P3605500B	Igual é máis	55.000,00	37	44.000,00
SI436A-2025-00000210-00	Concello de Val do Dubra	P1508900F	Concilia Val do Dubra	62.937,58	46	55.000,00
SI436A-2025-00000080-00	Concello de Valadouro	P2706300G	Apertura fóra do horario lectivo, obradoiros concilia-Nadal e Ludi-verán	19.076,07	39	15.260,86
SI436A-2025-00000081-00	Concello de Valdoviño	P1508800H	Concilia tempos	44.151,25	39	35.321,00
SI436A-2025-00000124-00	Concello de Valga	P3605600J	Servizo de conciliación e igualdade	139.623,00	51	55.000,00
SI436A-2025-00000061-00	Concello de Vedra	P1509000D	Espazo corresponsables Conxuga	116.642,49	52	55.000,00
SI436A-2025-00000083-00	Concello de Vereia	P3208500C	Concilia Vereia 2025	38.134,25	53	36.309,20
SI436A-2025-00000021-00	Concello de Viana do Bolo	P3208700I	Medidas municipais de conciliación e corresponsabilidade	48.736,00	45	44.176,35
SI436A-2025-00000131-00	Concello de Vigo	P3605700H	Servizo de atención domiciliaria á infancia (SADI)	49.230,00	33	42.260,74
SI436A-2025-00000194-00	Concello de Vila de Cruces	P3605900D	Concilia de verán 2025	18.178,79	40	14.543,03
SI436A-2025-00000088-00	Concello de Vilaboa	P3605800F	Programa Plan Corresponsables-servizos de coidado	27.383,40	44	19.245,06
SI436A-2025-00000067-00	Concello de Vilalba	P2706500B	Campamentos de verán	18.796,19	36	15.036,95
SI436A-2025-00000175-00	Concello de Vilamarín	P3208800G	Programa Pica Pau 2025	14.985,00	41	13.486,50
SI436A-2025-00000195-00	Concello de Vilar de Barrio	P3209000C	Vilar de Barrio concilia 2025	16.427,33	55	14.784,60





